

MANIFESTO INSTITUCIONAL DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS POLO DÍA DO ORGULLO LGTBI+ 2025

Galicia é diversa. Galicia é orgullosa.

O 28 de xuño conmemoramos o Día Internacional do Orgullo LGTBI. Facémolo lembrando a rebelión non bar Stonewall en 1969, semente do movemento que hoxe continúa defendendo dereitos, dignidade e igualdade.

Este 2025 é, ademais, unha data sinalada: cúmprense 20 anos da aprobación do matrimonio igualitario e da adopción homoparental en España, un fito que transformou o noso país nun referente mundial en liberdade e igualdade.

Baixo o lema deste ano, “20 anos avanzando en dereitos: nin un paso atrás”, a mobilización do Orgullo 2025 convértese nun berro colectivo fronte o recorte de dereitos tanto a nivel nacional como internacional. O Orgullo será, máis ca nunca, unha chamada á acción para blindar o futuro e defender o que tanto custou conquistar.

As raíces desta loita tamén están na nosa terra. En Galicia celebramos a historia de Marcela e Elisa, que non ano 1901 protagonizaron o primeiro matrimonio entre dúas mulleres do que se ten constancia non noso país, desafiando as normas da súa época e reivindicando con valentía o dereito a ser e amar en liberdade. E mesmo moito antes, no ano 1061, Pedro Díaz e Muño Vandilaz, veciños de Rairiz de Veiga (Ourense), foron unidos por un sacerdote no que se considera unha das primeiras evidencias históricas dunha unión entre dous homes en Europa.

Galicia, con historia propia, foi e segue a ser terra de diversidade.

Con todo, na actualidade temos motivos para a preocupación. O avance de discursos de odio que provocan un alarmante aumento dos delitos de LGTBIfobia. A censura, a invisibilización e a negación de dereitos son unha ameaza directa á convivencia democrática. Non o imos permitir. Desde o Concello do Barco, alzamos a voz con firmeza:

Fronte ao odio, máis igualdade.

Fronte á intolerancia, máis educación.

Fronte ao retroceso, máis orgullo.

Neste Día Internacional do Orgullo LGTBI+, o Concello do Barco de Valdeorras reafirma o seu compromiso inquebrantable coa igualdade, a diversidade e os dereitos humanos. E por iso, un ano máis, chamamos á cidadanía e a todas as entidades locais para que se unan a nós na celebración da diversidade e na loita por unha sociedade máis xusta e inclusiva.

Recoñecemos os logros alcanzados, pero tamén os desafíos que aínda debemos afrontar. Recoñecemos que a comunidade LGTBI+ afrontou unha historia de discriminación, opresión e violencia. É importante lembrar que a loita pola igualdade e a xustiza para a comunidade LGTBI+ non terminou.

Mentres celebramos os avances logrados, tamén é crucial recoñecer e condenar as políticas discriminatorias que persisten nalgúns países. A falta de progreso na protección dos dereitos das persoas LGTBI+ en certos lugares é motivo de grave preocupación. Estas políticas non só perpetúan a discriminación e a violencia, senón que tamén representan unha violación flagrante dos dereitos humanos.

O Concello do Barco de Valdeorras reafirmase un ano máis:

- Desde o compromiso coa igualdade e a xustiza para todas as persoas. Defendendo os dereitos e a igualdade da comunidade LGTBI+ nas nosas institucións e no ámbito dos nosos pobos e aldeas.
- Poñendo freo aos discursos de odio contra o colectivo LGTBI+ en calquera ámbito que lexitiman e fomentan as discriminacións e as agresións .
- Promovendo a Educación en Diversidade de maneira xeneralizada como vehículo para combater a LGTBIfobia e deixar atrás o odio, as agresións, o medo e a intolerancia.
- Traballando desde o ámbito local para educar e sensibilizar a nosa comunidade sobre os temas relacionados coa orientación sexual, para lograr que cada persoa sexa respectada por igual na nosa sociedade.

Apostamos por unha Galicia onde as persoas LGTBI poidan vivir con dignidade e visibilidade e por unha educación inclusiva que forme en igualdade dende a infancia.

Defenderemos os dereitos conquistados fronte a calquera intento de retroceso e traballaremos para ampliar as proteccións e garantir vidas libres de discriminación, violencia e odio. Porque os dereitos non se negocian: deféndense e fanse valer con vontade política.

O Orgullo é memoria, presente e futuro. É celebración, máis tamén loita. É dereito a vivir sen medo e en liberdade.

Porque Galicia é diversa. Galicia é orgullosa.